

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA PRIMERA DE SOCORROS MUTUOS DE MONTEVIDEO, PARA A ATENCIÓN SOCIO SANITARIA DA CIDADANÍA DE ORIXE GALEGA RESIDENTE EN MONTEVIDEO, URUGUAI

En Santiago de Compostela, 10 de abril de 2025


REUNIDOS

Por unha banda, José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril), actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.


E por outra, Fernando Miguel García Martínez, presidente da Asociación Española Primera de Socorros Mutuos de Montevideo, Uruguai, segundo consta na acta de eleccións da entidade do 11 de outubro de 2020, actuando no seu nome e representación.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura do presente convenio de colaboración e, para estes efectos

EXPOÑEN



Primeiro.- A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponde, entre outras, a competencia das relacións e o apoio as persoas e ás comunidades galegas do exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, tal e como se recolle no artigo 1.c) do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.




Segundo.- O artigo 49 do Decreto 147/2024, do 20 de maio, establece que a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito da emigración e do retorno, ao que lle corresponden, entre outras, as competencias recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade; en particular, son competencias desta secretaría xeral as relacións coas comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento.

Terceiro.- De acordo co citado Decreto 147/2024, do 20 de maio, a Secretaría Xeral da Emigración xestiona diversos programas tendentes á mellora da calidade de vida das persoas galegas residentes fóra de Galicia que executa a través da estrutura das entidades galegas do exterior, polo que procura contribuír á conservación, fomento e promoción do seu patrimonio.

Cuarto.- Na República Oriental do Uruguai, reside un número moi importante de persoas de orixe galega que pola súa situación de carencia, están a sufrir unha falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e sanitaria.


Quinto.- A Asociación Española Primera de Socorros Mutuos é unha institución mutualista fundada en Montevideo o 25 de setembro de 1853 co obxectivo de crear un fondo común destinado a socorrer ás persoas asociadas nela, outorgándolles asistencia médica completa no caso de enfermidade. Na actualidade a entidade conta con case 200.000 persoas asociadas, das cales un número moi relevante son españolas de orixe galega.

A entidade dispón dun hospital de 26.500 m², dotado con 452 camas, así como de catro sedes secundarias, cinco policlínicas e catro unidades de internamento extramuros, nas que se presta asistencia sanitaria a unha importantísima porcentaxe da poboación uruguia e, en especial, á poboación de orixe galega residente nese país.



Sexto.- A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración estima que é necesario establecer unha colaboración coa Asociación Española Primera de Socorros Mutuos co obxecto de contribuír á prestación de asistencia socio-sanitaria ás persoas de orixe galega residentes en Uruguai que por estar nunha situación de necesidade ou de dependencia non poidan afrontar o custo destas prestacións, dado que a entidade conta coa infraestrutura suficiente e está disposta a prestar-este servizo.

Sétimo.- A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao non ser posible promover a concorrencia pública.



O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación radica na pretensión de darlle apoio socio sanitario ás persoas emigrantes de orixe galega residentes en Uruguai que, por mor da súa situación ou por xubilación, contan con ingresos mínimos e non poidan afrontar este gasto.

Por todo o exposto, e tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, as partes asinantes formalizan este convenio de colaboración, que recolle as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para a atención das necesidades socio sanitarias da cidadanía de orixe galega residente en Montevideo (Uruguai) que se atope en situación de necesidade e non poida afrontar o custo das prestacións que precisa.

- Facer constar a condición de entidade subvencionada pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en toda clase de publicidade e información que se realice ao desenvolver este convenio, así como os seus correspondentes logotipos.
- Facilitar a actuación do persoal técnico da Secretaría Xeral da Emigración no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.
- Subministrar á Secretaría Xeral da Emigración toda a información que se lle requira en materia de transparencia, de acordo co disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

2.- A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración obrígase a:

Achegar o importe do financiamento previsto na cláusula cuarta, condicionado ao cumprimento do estipulado no convenio.

Cuarta.- Crédito orzamentario

Co obxecto de colaborar no financiamento das accións recollidas neste convenio, a Secretaría Xeral da Emigración comprométese a achegar, unha contía de trinta mil euros (30.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 14.05.312C.481.0 (código de proxecto 2015 00039), dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Quinta.- Gastos subvencionables

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2025 e a data límite de xustificación establecida na cláusula oitava, de acordo co establecido no artigo 29.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencións.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables non poderá, en ningún caso, ser superior ao valor de mercado.

En ningunha circunstancia se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Sexta.- Compatibilidade

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade que se vai subvencionar.

Sétima.- *Pagamento anticipado*

Tras a sinatura do convenio efectuarase un pagamento anticipado de quince mil seiscientos euros (15.600€), atendendo ao disposto no artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O importe restante, librarase no momento en que a entidade beneficiaria xustifique na súa totalidade o cumprimento da finalidade e demais condicións para as que se lle concedeu a axuda.

Por outra parte, á vista do establecido no artigo 65, puntos 4 e 5, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse dunha entidade sen fin de lucro e ser o obxecto do convenio o desenvolvemento de programas de acción social, a entidade non está obrigada a constituir garantía.

Oitava.- *Xustificación e pagamento final*

A data límite para presentar a documentación xustificativa será o 15 de outubro de 2025.

A entidade beneficiaria estará obrigada a xustificar diante desta consellería, con carácter previo ao pagamento final da subvención, o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real mediante a presentación dunha conta xustificativa, de acordo co previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A tal fin, a entidade beneficiaria deberá presentar a seguinte documentación:

- Certificación acreditativa na que se exprese que a totalidade dos fondos foron empregados na consecución dos obxectivos do convenio, asinada polo representante legal da entidade.
- Memoria final detallada das actuacións levadas a cabo ao abeiro do convenio asinada polo representante da entidade na que se fará constar os obxectivos acadados.
- Informe da área funcional da Delegación da Xunta de Galicia en Montevideo sobre a correcta aplicación do convenio.
- Relación das persoas atendidas con cargo ao convenio, asinada polo presidente da entidade (esta relación incluírá nome e apelido, número de documento de identidade ou pasaporte, data e provincia galega de nacemento, e contía individual da axuda).
- Copia da folla individual de valoración aprobada pola Comisión de Beneficencia que deu lugar á inclusión no programa obxecto deste convenio, co selo da Delegación da Xunta de Galicia en Uruguai. No seu caso, copia do informe socio sanitario que deu lugar á

prestación ou certificación de que as condicións que deron lugar ás axudas non teñen variado.

- Se é o caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- No seu caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

Antes de facerse efectivo cada pagamento achegaranse as seguintes declaracións:

- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto aprobadas como as pendentes de resolución, concedidas para os mesmos fins que son obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades ou de entidades privadas.

- Declaración responsable do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débeda ningunha coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia nin ser debedora por resolución de procedemento de reintegro.

De non xustificaren o importe total da subvención obxecto do convenio, sempre e cando se tivese acadado o seu obxecto, a Secretaría Xeral da Emigración minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado.

Novena.- Reintegro

Procederá o reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devindicados desde o momento do seu pagamento, nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se deba minorar ou reintegrar serán os seguintes:

a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se for o caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.

b) Calquera outra deficiencia considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación e dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se for o caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificado.

Décima.- Modificación do convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para conceder esta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras

administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

Tales modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Así mesmo, o convenio poderá ser modificado unilateralmente pola Administración cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Décimo primeira.- Causas de resolución do convenio

1. Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

- a. O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan
- b. O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga
- c. O acordo unánime de todas as partes asinantes
- d. Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
- e. A aplicación dos fondos outorgados para fins distintos dos que motivaron a súa concesión
- f. Calquera outra causa prevista nas leis.

Décimo segunda.- Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas, dúas en representación da Secretaría Xeral da Emigración, das cales unha exercerá a presidencia, e dúas en representación da entidade.

A comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e a resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Esta comisión actuará segundo o previsto no capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Non obstante, serán resoltas pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida.

Décimo terceira.- Relación laboral

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto coa Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ou con calquera organismo ou entidade dependente ou vinculada, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada consellería responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria.

Para a execución deste convenio, a Secretaría Xeral da Emigración, ou o persoal dela dependente, non impartirá instrucións nin ordes ao persoal contratado.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar en todo momento o cumprimento por parte da outra parte das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar as actuacións obxecto deste convenio.

Décimo cuarta.- Autorización, publicación e rexistro do convenio

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais e o resto de especificacións que consten nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149 do 3 de agosto).

Comunicarase a subscrición deste convenio á Base de datos nacional de subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Décimo quinta.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e polas demais normas de dereito administrativo aplicables.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Contra eses acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo sexta.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de outubro de 2025, agás que sexa denunciado por algunha das partes por incumprimento dos acordos que nel se recollen.

Porén, de acordo co artigo 2.1.b. da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2025.

Décimo sétima.- Protección de datos

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos); da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais; do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan dous exemplares deste convenio, no lugar e data sinalados no encabezamento.


O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración



CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN
CONSELLEIRO

José González Vázquez

O presidente da Asociación Española
Primera de Socorros Mutuos de
Montevideo



Fernando Miguel García Martínez

